

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E A SOCIEDADE REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA O DESENVOLVEMENTO E DESPREGUE DA REDE DIXITAL DE PIEZOMETRÍA DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA DE GALICIA COSTA DO SUBPROXECTO C05.I03.P01.S13 DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Maria Pilar Chapela Villanueva, directora xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., en nome e representación da mesma e facultada para este acto en virtude da súa condición de apoderada, segundo consta en escritura pública de data 23 de abril de 2021, outorgada ante o notario de Santiago de Compostela, D. José Manuel Amigo Vázquez, co número 1.125 do seu protocolo.

As partes, na representación que ostentan, recoñécense mutuamente a capacidade xurídica suficiente para subscribir, en nome das respectivas entidades, este acordo, e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, cuxo estatuto foi aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita na actualidade á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins. Augas de Galicia exerce as funcións previstas no artigo 11 da mencionada Lei.

Segundo.- A sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. (en adiante, Retegal), constitúe unha entidade das comprendidas no ámbito da Lei 16/2010, do 17 de



decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante, AMTEGA) a través da área de Sociedade Dixital, e creada para a prestación de servizos de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Creada mediante Decreto 58/1997, do 20 de febreiro, Retegal xestiona e explota infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións no ámbito territorial da Comunidade Autónoma. Así, constitúe unha sociedade mercantil pública autonómica, declarada medio propio instrumental e servizo técnico da Administración da Xunta de Galicia, que ten por obxecto, con carácter xeral, a realización, por si ou a través de terceiros, da xestión e mantemento das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación institucionais en Galicia.

Terceiro.- A Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, que ten como obxecto a racionalización de todo o sector público autonómico e da actividade administrativa, así como a adopción de medidas dirixidas a unha maior eficiencia do gasto e a mellora da xestión do sector público autonómico, regula baixo estes preceptos a colaboración no ámbito do sector público autonómico.

En concreto, o artigo 8 desta lei regula a autoprovisión de bens e de servizos dentro do propio sector público, segundo o cal "A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público, coa finalidade do uso eficiente dos recursos públicos existentes, realizarán as tarefas de interese público que lles corresponden cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispoña o sector público autonómico.

Aos efectos indicados no parágrafo anterior, cando os medios dos que dispoñan resulten insuficientes para o cumprimento e a realización dos seus fins institucionais, acudirán con preferencia á cooperación, colaboración e asistencia doutros órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma ou doutras entidades do sector público autonómico que si dispoñan dos medios dos que precisan".



Así mesmo, o precepto citado establece que se elaboraran catálogos de medios e prestacións susceptibles de ser obxecto de cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno do sector público autonómico, nos termos previstos no artigo 9 da mencionada lei.

Neste senso, o artigo 14 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico establece a posibilidade de que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades do sector público autonómico formalicen acordos de colaboración ou cooperación para o servizo aos intereses xerais mediante o desempeño conxunto de tarefas de interese público da súa competencia.

Cuarto.- Augas de Galicia conta cunha rede piezométrica formada por 33 puntos de control repartidos estratexicamente na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa. Esta rede permite a monitorización periódica do nivel e da calidade das augas subterráneas, proporcionando datos fundamentais para a avaliación e xestión sostible destes recursos. A información obtida facilita a detección temperá de posibles alteracións nos acuíferos e contribúe á toma de decisións informadas en materia de planificación hidrolóxica e protección do dominio público hidráulico.

A Rede Dixital de Piezometría de Augas de Galicia é unha infraestrutura chave para a monitorización de parámetros relativos á calidade e nivel das augas subterráneas en Galicia.

A implantación deste sistema achegará máis información técnica relativa á evolución de recursos hídricos, contribuíndo a mellorar a detección temperá de posibles variacións neles e asegurando un control sostible a longo prazo.

Establecer unha rede de monitorización avanzada que proporcione datos en tempo real sobre o estado dos acuíferos en Galicia a través da medición automática e periódica de parámetros relativos a auga subterránea poderá mellorar a información previa á toma de decisións en políticas de conservación da auga.

Pola súa parte, en base a resolución do 22 de decembro de 2021, a AMTEGA encargou a Retegal, medio propio e instrumental da Xunta de Galicia, o despregamento, a operación, a xestión e o mantemento dunha rede de acceso a internet das cousas (iCousas) para a autoprestación de servizos IoT na Comunidade Autónoma de Galicia.



iCousas é a rede galega de internet das cousas que consiste no desenvolvemento dunha rede de acceso IoT para a autoprestación de servizos na Comunidade Autónoma de Galicia, con capacidade para xestionar máis de 300.000 sensores e que cubre máis do 70% do territorio galego. Está formada por máis de 300 puntos de acceso que poden captar e enviar información a dispositivos IoT, así como unha plataforma que xestiona e procesa a información captada por ditos dispositivos e os elementos que integran a rede de acceso.

As redes IoT poden proporcionar información relevante do territorio nos diferentes eidos xestionados por parte das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a xestión, optimizar a toma de decisións e posibilitar a capacidade de monitorización do territorio. En definitiva, esta tecnoloxía é unha ferramenta fundamental no proceso de dixitalización do Medio Rural, facilitando a mellora da competitividade e calidade de vida, a cohesión do territorio e a fixación de poboación no rural. A Xunta de Galicia, por medio da AMTEGA, pon a disposición dos organismos autonómicos á rede iCousas, que proporciona servizos de conectividade a dispositivos e sensores IoT, e o acceso aos datos captados polos sensores distribuídos polo territorio a través dunha plataforma que facilita a xestión e acceso a información reportada polos sensores.

A modalidade de uso dos servizos será de adhesión a un encargo co pago dunha cota por sensor para cada un dos servizos proporcionados, en base ás tarifas definidas no correspondente instrumento de adhesión.

Quinto.- O Proxecto Estratégico para a Recuperación e Transformación Económica (PERTE) de Dixitalización do Ciclo da auga, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 22 de marzo de 2022, encádrase na Compoñente 5, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en adiante PRTR), ten como obxectivo a modernización do ciclo de auga e a mellora do estado das masas de auga en xeral, cumprindo así co mandato da Directiva Marco da auga (2000/60/CE) e da Directiva 91/271/CEE sobre o tratamento das augas residuais urbanas, todo iso consonte o disposto no texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo.

O 2 de outubro de 2023 a Comisión Europea aprobou a segunda fase do PRTR, tras a cal, o 17 de outubro de 2023 o ECOFIN (Consello de Ministros de Finanzas da UE), aprobou o



documento da addenda española ao PRTR, na que se dota ao Ministerio de Transición Ecolóxica (MITECO) de novos recursos económicos que permiten materializar a segunda fase da repartición en Conferencia Sectorial planificado no PERTE de dixitalización do ciclo da auga, de xeito que se distribúan entre as distintas Comunidades Autónomas e cidades autónomas cen millóns de euros adicionais, para así chegar aos douscentos millóns de euros previstos no PERTE de dixitalización do ciclo da auga.

No acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente que tivo lugar o 24 de xullo de 2024 autorizouse a proposta de distribución territorial de créditos xestionados polas comunidades autónomas e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do PERTE de dixitalización do ciclo da auga, compoñente 5 "Preservación do espazo litoral e dos recursos hídricos" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o exercicio orzamentario 2024, por un importe total de 100 millóns de euros.

No marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, e concretamente dentro da Política Panca II "*Infraestructuras e ecosistemas resilientes*", Compoñente 5 "*Preservación do litoral e recursos hídricos*" e investimento N°3 "*Transición dixital no sector da auga (vixilancia e control do entorno dixital)*" establécese como fito a acadar o *Fito 426 - Posta en funcionamento de ferramentas para mellorar o coñecemento e o uso dos recursos hídricos, e para rexistrar as precipitacións e outros datos meteorolóxicos.*

Tendo en conta o anterior, as partes asinantes manifestan a súa vontade de colaboración e con tal finalidade subscriben o presente acordo que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto a adquisición e instalación dunha rede de sensores para a monitorización dixital avanzada que proporcione datos en tempo real sobre o estado dos acuíferos no ámbito territorial da demarcación hidrográfica de Galicia Costa, así como a súa integración na rede iCousas.



Segunda.- Alcance e contido da colaboración

O alcance da colaboración recóllese no documento *Anexo I. Memoria técnica*, que se incorpora a este documento.

A operación e mantemento desta rede de sensores, así como calquera outro servizo non incluído no alcance da colaboración, poderá realizarse mediante instrumentos como addendas ao presente acordo ou convenios de colaboración específicos.

O servizo de conectividade e o acceso aos datos captados pola rede de sensores obxecto deste acordo realizarase en base á adhesión ao encargo de xestión e mantemento da rede iCousas, co pago dunha cota por sensor para cada un dos servizos proporcionados, en base as tarifas definidas no correspondente instrumento de adhesión.

Terceira.- Obrigas das partes

A) Obrigas de Retegal

Para o desenvolvemento e execución deste acordo, a sociedade Retegal comprométese a:

1. Realizar as actuacións de subministro, reformulación de ubicación, adecuación de infraestruturas, instalación, integración e posta en marcha das sondas nos pozos de piezometría, de acordo co establecido na memoria técnica.
2. Designar un xefe/a de proxecto que asumirá a coordinación inmediata dos traballos e a dirección do persoal que a mencionada sociedade asigne para a súa realización. Encargarase de organizar e facer o seguimento das visitas de reformulo, da elaboración dos informes por emprazamento, da execución das tarefas de subministración e instalación dos equipos, e da documentación técnica asociada. Así mesmo, coordinará a execución dos traballos de obra menor e adecuación das infraestruturas, asegurando o cumprimento dos prazos e a calidade dos resultados, así como a verificación das probas de comunicación e integración, o control do cronograma técnico, a resolución de incidencias operativas durante o proxecto e a supervisión da formación ao persoal encargado do mantemento da rede e aos usuarios dos datos reportados polos sensores.



Solventará, en coordinación coa dirección técnica designada por Augas de Galicia, cantas cuestións se estimen oportunas e necesarias para a realización desta colaboración.

3. Manter a Augas de Galicia puntualmente informada do desenvolvemento dos traballos, facilitando á dirección toda a información que esta solicite e achegando calquera documento ou xustificante que lle sexa solicitado.
4. Conservar a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.
5. Cumprimentar e asinar as declaracións responsables recollidas no anexo IV.B e anexo IV.C da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, relativas a aceptación e cesión de datos entre as Administracións Públicas e ao cumprimento dos principios transversais en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Neste sentido, Retegal manifesta o seu compromiso cos estándares mais exixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, e que adoptará as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, comunicando, no seu caso, as autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, Retegal comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente ("DNSH" polas súas siglas en inglés "*Do not significant harm*") na execución das actuacións levadas a cabo no marco do dito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiación e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas do Estado.



6. Presentar ante Augas de Galicia un certificado de ter cumprido durante a execución das actuacións obxecto do presente acordo o principio de "non causar prexuízo significativo" (DNSH), nos termos previstos na cláusula décimo quinta e con anterioridade á finalización do prazo de vixente previsto na cláusula oitava.

B) Obrigas de Augas de Galicia

Para o desenvolvemento e execución deste acordo, Augas de Galicia comprométese a:

1. Exercer a dirección técnica no desenvolvemento das accións obxecto desta colaboración, para tal efecto, designará a un/unha director/a técnico/a, o cal implicará a validación do alcance e planificación dos traballos, a supervisión do cumprimento das normativas vixentes, a coordinación con organismos públicos e entidades afectadas. Deberá validar/aprobar as actas correspondentes aos fitos de obra e a recepción das instalacións, así como verificar a correcta aplicación das medidas de seguridade e saúde durante as fases do proxecto, adoptando as accións necesarias para previr riscos e garantindo a seguridade dos traballos en campo.
2. Subministrar e facilitar, a través da citada dirección técnica, toda aquela información que sexa necesaria para o cumprimento do obxecto deste acordo.
3. Compensar a Retegal polos gastos que a realización dos citados traballos leven consigo, de acordo co establecido na cláusula cuarta.
4. Augas de Galicia conservará a documentación xustificativa de aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación, este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros; de conformidade co estipulado no artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241.



5. Augas de Galicia, para dar cumprimento ao mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, recadará os seguintes datos identificativos do perceptor final:
- a) NIF do beneficiario.
 - b) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.
 - c) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
 - d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. (Anexo IV B da Orde HFP/1030/2021)
 - e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que puideran afectar ao ámbito obxecto de xestión. (Anexo IV C da Orde HFP/1030/2021)
 - f) Os beneficiarios que desenvolvan actividades económicas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolvida á data de solicitude da axuda.

Cuarta.- Compensación de custos

De conformidade co establecido no artigo 14.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, Augas de Galicia compensará a Retegal polos gastos nos que incorra para a realización dos traballos descritos na cláusula segunda segundo se recolle no *Anexo II. Detalle de custos*.

Quinta.- Estimación de custos

1. A realización das actividades obxecto da colaboración ten un custo estimado de trescentos oitenta e cinco mil trescentos sesenta e nove euros con cincuenta e cinco céntimos (385.369,55 €) incluído o Imposto sobre o valor engadido (IVE), segundo o detalle que se recolle no *Anexo II. Detalle de custos*, e realizarase con cargo á conta 227 "Equipos para



procesos de información” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia coa seguinte distribución de anualidades:

ANUALIDADES	IMPORTE SEN IVE	IMPORTE DO IVE	IMPORTE TOTAL
2025	156.027,99 €	32.765,88 €	188.793,87 €
2026	162.459,24 €	34.116,44 €	€ 196.575,68 €
TOTAL	318.487,23 €	66.882,32 €	385.369,55 €

O gasto en concepto do IVE non será subvencionable con fondos MRR e será financiado por Augas de Galicia con fondos propios.

2. A execución deste acordo será financiada cos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR) dentro do marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola UE- NextGenerationEU (PRTR), na Política Panca II “Infraestruturas e ecosistemas resilientes”; Compoñente 5 “Preservación do litoral e recursos hídricos”; Medida: Investimento 3 (C5.I3) “Transición dixital no sector da auga (vixilancia e control do entorno dixital)”; fito nº 426 “Posta en funcionamento de ferramentas para mellorar o coñecemento e o uso dos recursos hídricos, e para rexistrar as precipitacións e outros datos meteorolóxicos”.

Respectaranse, polo tanto, as normas de subvencionabilidade do gasto do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España, que conta con financiamento do citado mecanismo europeo, así como as normas de información, publicidade e identidade visual establecidas no Regulamento (UE) 2021/241, na Orde HFP 1030/2021 e nas demais normas comunitarias que sexan de aplicación.

O Regulamento financeiro da Unión Europea e o Regulamento do MRR amparan a complementariedade dos distintos fondos e prohiben o dobre financiamento dos mesmos gastos. En particular, o artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 establece que as reformas e investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo. A prevención do dobre



financiamento eríxese, por tanto, nun principio transversal de obrigatoria consideración na execución do PRTR”.

3. En canto aos prazos e modos do libramento da achega de Augas de Galicia a Retegal, materializaranse mediante as transferencias dos fondos precisos á citada sociedade na conta bancaria da que esta sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia, logo da presentación en Augas de Galicia, antes do 15 de decembro na anualidade 2025 e antes do 1 de maio na anualidade 2026, da seguinte documentación acreditativa do cumprimento das cláusulas deste acordo:

- a) Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas.
- b) Un informe expedido polo órgano de control que corresponda no que se acredite que se cumpriu, no respectivo ámbito temporal, a finalidade do presente acordo e que os fondos foron destinados a este fin, así como o detalle da realización dos gastos e dos pagamentos.
- c) Certificacións da execución das actuacións e as facturas correspondentes.
- d) Calquera outro documento ou xustificante que sexa necesario para a adecuada xustificación dos gastos.

Augas de Galicia poderá compensar con cargo á anualidade 2026 os gastos realizados no mes de decembro da anualidade 2025.

O importe aboarase a Retegal unha vez que a dirección técnica de Augas de Galicia emita o informe de conformidade á certificación dos gastos presentada pola dita sociedade, que inclúa os traballos desenvolto.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para facilitar o seguimento e cumprimento dos traballos a desenvolver constituirase, a iniciativa de calquera dos asinantes deste acordo, unha comisión mixta formada por dous/dúas representantes de cada unha das partes para o seguimento, desenvolvemento e interpretación deste acordo. No marco da mencionada comisión resolveranse as posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Actuará como presidente de dos representante de Augas de Galicia, con voto de calidade.



Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento deste acordo.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

Sétima.- Propiedade dos traballos

A titularidade dos traballos e dos resultados obtidos no desenvolvemento deste acordo é compartida por Augas de Galicia e a sociedade Retegal.

Augas de Galicia e Retegal poderán facer uso da información derivada da execución deste acordo para exercer axeitadamente as súas competencias, facéndose en calquera caso mención explícita dos organismos implicados na consecución dos resultados e o obxectivo dos mesmos.

As partes obríganse a non difundir sen autorización a información confidencial facilitada pola outra parte e os resultados derivados do desenvolvemento deste acordo.

Con carácter xeral, permitirase aos autores do traballo a publicación total ou parcial dos resultados científicos obtidos en congresos, revistas, publicacións e seminarios de carácter científico, para o que se solicitará en todo caso a oportuna autorización, que se entenderá concedida pola outra parte se non se obtén resposta en sentido contrario no prazo de 15 días.

Oitava.- Vixencia do acordo

Este acordo de colaboración terá efectos dende a data da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30.05.2026.



Novena.- Modificación do acordo

Calquera modificación no contido deste instrumento, requirirá conformidade entre Augas de Galicia e a sociedade Retegal e tramitarase a través dunha addenda ao acordo.

Décima.- Resolución e rescisión do acordo

Este acordo poderá extinguirse polas causas legalmente previstas.

En especial, serán causas de resolución deste acordo de cooperación, previa denuncia dalgunha das partes:

- a) mutuo acordo das partes.
- b) incumprimento das cláusulas contidas no acordo, previa reunión da comisión de seguimento.

Décimo primeira.- Réxime xurídico e resolución de conflitos

Este acordo de colaboración ten natureza administrativa, e rexerese pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e polas demais normas de aplicación.

As discrepancias que se poidan producir resolveranse nos termos previstos no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, para os conflitos de atribucións.

Décimo segunda.- Normativa europea de aplicación

Ao estar as actuacións incluídas no Mecanismo de Recuperación e Resiliencia dentro do Compoñente 5 do PRTR, están suxeitas, en todo caso, ao cumprimento, execución e realización dos obxectivos fixados no devandito Plan.

Estarán sometidas á plena aplicación dos mecanismos de xestión e control que se establezan para o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e á normativa da Unión Europea aplicable á xestión, seguimento e control que se estableza para o Plan de



Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como as específicas relativas á información e publicidade, verificación e demais impostas pola normativa da Unión Europea, cuxa aplicación será de obrigado cumprimento.

Concretamente, resulta de aplicación o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia; o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas das compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (MRR); a Orde HFP/55/2023 de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia; e a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Décimo terceira.- Publicidade

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste acordo, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Este acordo está financiado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU e, polo tanto, os beneficiarios deberán cumprir coas esixencias de información e publicidade reguladas no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



De acordo co disposto no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 o beneficiario fará mención da orixe desta financiación e velará por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión Europea e unha declaración de financiación adecuada que indique «financiado por la Unión Europea-NextGenerationEU», en particular, cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

Deberá cumprirse tamén co establecido en materia de comunicación, información e publicidade na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Décimo cuarta.- Medidas contra a fraude, a corrupción e o conflito de intereses

1. En cumprimento do establecido no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, estableceranse mecanismos para a prevención, detección, corrección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de interese.

2. Son de aplicación a este acordo o Plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia, o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, e a proposta de incorporación do documento de compliance da sociedade anónima Retegal ao plan de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Facenda e Administración Pública, que poden consultarse nas seguintes ligazóns:

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/codigo-etico/plan-prevencion-riscos-medidas-antifraude-gal.pdf>

https://augasdeg Galicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf

<https://ficheiros-web.xunta.gal/transparencia/plans/antifraude/facenda-aapp/2024/documento-compliance-retegal-2024.pdf>



3. Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, como é o caso, poderá pór os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

<https://www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Sen prexuízo disto, tamén poderá empregar a canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

Estas canles garanten o anonimato da persoa denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

4. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

Será de obrigado cumprimento a Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI). Esta obrigaón débese aplicar nas diferentes fases do acordo a todos os intervinientes no mesmo.

Ao tratarse dun acordo con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021.

Non obstante, os procedementos de adjudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste acordo, estarán sometidos á análise



sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor:

"ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDIMENTOS DE CONTRATACIÓN/SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

O presente procedemento de contratación/subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano competente para a contratación (ou órgano competente para a concesión da subvención) poderá solicitar aos licitadores (ou solicitantes da axuda) a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de contratación (ou ao órgano que concede) no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do licitador (ou solicitante da axuda), os titulares reais recuperados polo órgano competente para a contratación (ou polo órgano competente para a concesión da subvención)".

Segundo establece o artigo 22.2 e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, os perceptores finais dos fondos desembolsados e todas as demais persoas ou



entidades que interveñan na súa aplicación están sometidas ás actuacións de control que poida exercer a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando cumpra, á Fiscalía Europea.

Décimo quinta.- Principio de non causar dano significativo

De acordo co disposto no artigo 5 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello do 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Mecanismo só apoiará aquelas medidas que respecten o principio de «non causar un prexuízo significativo» (principio "*do not significant harm*" - DNSH).

A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que establece o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE.

De conformidade co apartado 8 "*Principio Do not significant harm (DNSH)*" do documento da Compoñente 5, os requisitos técnicos a cumprir para garantir o respecto ao principio DNSH nas actuacións do Investimento 3 son:

- a) No uso de equipos e equipamentos tecnolóxicos seleccionaranse os mellores dispoñibles pola tecnoloxía existente en canto ao consumo de enerxía.
- b) Os equipos cumprirán cos requisitos relacionados coa enerxía establecidos, de acordo coa Directiva 2009/125/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, pola que se insta un marco para o establecemento de requisitos de deseño ecolóxico aplicables aos produtos relacionados coa enerxía, para servidores e almacenamento de datos, ou computadoras e servidores de computadoras ou pantallas electrónicas, e conforme co Regulamento (UE) 2019/424 da Comisión, do 15 de marzo de 2019, polo que se establecen requisitos de deseño ecolóxico para servidores e produtos de almacenamento de datos de



conformidade coa Directiva 2009/125/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 617/2013 da Comisión.

- c) Nestas adquisicións activaranse medidas para asegurar a compra daqueles equipos enerxeticamente eficientes, que sexan absolutamente respectuosos co Code of Conduct for ICT da Comisión Europea, e tomaranse medidas para que aumente a durabilidade, a posibilidade de reparación, de actualización e de reutilización dos produtos, dos aparellos eléctricos e electrónicos implantados.
- d) Na selección de equipos e equipamentos tecnolóxicos terase en conta a reciclabilidade dos seus compoñentes.
- e) Os equipos utilizados non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2011, sobre restricións á utilización de determinadas substancias perigosas en aparatos eléctricos e electrónicos, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados no devandito anexo.
- f) Ao final da súa vida útil, os equipos someteranse a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento.

Décimo sexta.- Contribución á transición ecolóxica e dixital

En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro. As actuacións obxecto deste acordo forman parte da Compoñente nº5, que contribúe á transición ecolóxica nun 47,6% e á transición dixital nun 36,5%, tal e como se establece na Addenda ao PRTR.

Dado que os investimentos obxecto do presente Acordo enmárcanse na submedida C5.I3d (Transición dixital no sector da auga – PERTE de dixitalización do ciclo da auga) do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, as actuacións para realizar corresponderanse coas seguintes etiquetas climáticas e dixitais:



- Campo de intervención 040 Xestión da auga e conservación dos recursos hídricos (incluída a xestión das concas fluviais, medidas específicas de adaptación ao cambio climático, reutilización, redución de fugas). Coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos climáticos: 40%. Coeficiente para o cálculo da axuda aos obxectivos medioambientais: 100%.
- Campo de intervención 011 Solucións de TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións. Coeficiente para o cálculo da axuda á transición dixital: 100%.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste acordo, as partes asinan electronicamente este documento.

A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, Ángeles Vázquez Mejuto

A directora xerente de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A, Maria Pilar Chapela Villanueva



Anexo I. Memoria técnica

MEMORIA TÉCNICA REDE DE PIEZOMETRÍA DE AUGAS DE GALICIA

1. INTRODUCCIÓN.

A presente memoria describe a actividade necesaria para abordar ó despregamento da Rede Dixital de Piezometría de Augas de Galicia, unha infraestrutura chave para a monitorización de parámetros relativos á calidade e nivel das augas subterráneas en Galicia. O proxecto inclúe a adquisición e instalación de sondas en 33 pozos de piezometría distribuídos por diferentes puntos da Comunidade Autónoma, así como a integración dos datos recollidos na rede i-Cousas.

A implantación deste sistema aportará máis información técnica relativos a evolución de recursos hídricos, contribuíndo a mellorar a detección temperá de posibles variacións nos mesmos e asegurando un control sostible a longo prazo.

2. OBXECTO.

Establecer unha rede de monitorización avanzada que proporcione datos en tempo real sobre o estado dos acuíferos en Galicia. A través da medición automática e periódica de parámetros relativos a auga subterránea, poderase mellorar a información previa á toma de decisións en políticas de conservación da auga.

3. ALCANCE.

a. SUBMINISTRO DO EQUIPAMENTO

Para cada pozo ou punto de medición subministrárase:

- Sonda piezométrica con sensores de nivel de auga, temperatura e condutividade, posibilitando a medida en tempo real dos cambios nas condicións hidroxeolóxicas.
- Sistema antivandálico con dúas alternativas, en función da contorna do pozo:
 - Tubo de aceiro elevado con tapa TopCap e antena integrada.
 - Tapa de aceiro a ras (cota chan) con antena plana integrada.

A tapa antivandálica con antena integrada aumenta a seguridade da instalación e reduce o risco de danos por vandalismo.



- Sistema de transmisión de datos compatible con redes LTE, para posibilitar a comunicación fiable e sen fíos dos datos captados pola sonda ata o centro de control.
- Todo o material auxiliar necesario para a instalación do equipamento nos pozos que integran a rede de piezometría de Augas de Galicia.

As sondas subministradas deberán cumprir os estándares internacionais de precisión e durabilidade, garantindo medicións fiables a longo prazo.

b. REFORMULO DE CADA UBICACIÓN.

- Reformulo de cada instalación e estudo previo do terreo.
Visita de reformulo a cada unha das 33 localizacións onde se atopan os pozos da rede de piezometría de Augas de Galicia, para analizar o estado de cada infraestrutura.
Tras a visita de reformulo, elaborárase un informe describindo a situación e estado de cada pozo e a súa contorna. O informe incluír fotos de cada localización e unha proposta do sistema de instalación considerado máis adecuado no contexto de cada localización, así como o detalle dos traballos de obra menor a realizar. Adicionalmente se detallarán outros condicionantes, como a necesidade puntual de licenzas ou permisos municipais ou doutros organismos.

Os informes e propostas enviados deben ser validados nun prazo marcado o principio do proxecto.

c. ADECUACIÓN DA INFRAESTRUTURA

- Desbroce da contorna do pozo. Realízase a limpeza da vexetación do chan nunha área de 3m² arredor da arqueta.
A metodoloxía e ferramenta adecuada para realizar o desbroce da contorna do pozo, será determinada na fase de reformulo e incluída en cada un dos informes.
O finalizar o desbroce, procederáse á retirada dos restos vexetais conforme á normativa vixente.
- Limpeza e adecuación do interior de cada pozo, retirando posibles obstrucións e residuos. Limpeza do piezómetro con aire a presión.
- Nos pozos que exista equipamento instalado previamente no seu interior, procederáse a retirar todo o material e equipamento do seu interior.



- Medición da profundidade total de cada pozo con equipamento que permita una medida con precisión mellor que 1m.
- Ó rematar todas as tarefas relativas á adecuación de infraestruturas realizarase un informe de cada emprazamento.
- Toda a actividade realizarase cos medios auxiliares necesarios para garantir condicións de total seguridade.

d. INSTALACIÓN DO EQUIPAMENTO.

- Xestión de permisos municipais e autorizacións ambientais no caso de que sexan necesarios.
- En función da localización de cada pozo, realizaranse todas as accións de mellora para reforzar as arquetas existentes e asegurar a accesibilidade das infraestruturas en condicións adversas.
- Reparación e reforzo das arquetas existentes para a instalación do sistema antivandálico determinado no informe de reformulo.
- Elección e realización de traballos para o sistema antivandálico máis axeitado en función das condicións identificadas durante o reformulo:
 - o No caso de sistemas con sonda elevada. Construción da nova arqueta de ata 80x80x40 cm e preparación para a instalación do sistema antivandálico determinado no informe de reformulo.
 - o No caso de sistemas tipo tapa a ras de chan, adecuación da superficie do pozo para a instalación da tapa antivandálica con antena de comunicacións integrada.
- Instalación dos sensores que integran a sonda. Axuste da lonxitude do cable se é preciso, asegurando o funcionamento do sistema de compensación de presión.
- Instalación da unidade coa electrónica da sonda que debe ir separada da superficie da auga.
- Instalación do sistema antivandálico elixido entre as dúas alternativas posibles:
 - o Tubo de aceiro elevado con tapa TopCap e antena integrada.
 - o Tapa de aceiro a ras (cota solo) con antena plana integrada.
- Ó rematar todas as tarefas relativas á instalación do equipamento, realizarase a documentación As-Built de cada emprazamento.

e. INTEGRACIÓN E POSTA EN SERVIZO.

- Configuración do equipamento, asegurando a calibración correcta dos sensores.



- Integración das sondas na rede de monitorización dixital a través de i-Cousas, configurando o sistema acorde ás necesidades de Augas de Galicia (parámetros de medida, transmisión, servidores, identificadores, ...)
- Probas de comunicación dos sensores coa electrónica de comunicacións da sonda, e de cada sonda ata o CPD de San Marcos.
- O sistema contará con mecanismos de alerta e notificación de valores anómalos detectados polos sensores, facilitando a resposta ante incidencias.
- Realización das probas de aceptación definidas previamente, para verificar o correcto funcionamento de todo o sistema, comprobando tamén a fiabilidade e estabilidade das medicións.
- Formación do persoal encargado da operación e mantemento, asegurando un manexo eficiente da infraestrutura instalada.
- Realizar a documentación con todos os resultados das probas de aceptación.
- Realización da documentación técnica do sistema.



Anexo II. Detalle de custos.

ID	Descrición	Uds	Orzamento estim	TOTAL
1	Subministro de sistema ecolg 1000, cable de 20 m nivel condutividade, temperatura, modem LTE batería de litio.	35	4.457,94 €	156.027,99 €
2	Tapa antivandálica "TopCap" con antena integrada e conector SMA (4").	37	344,85 €	12.759,45 €
3	Chave pentagonal para tapa "TopCap".	2	30,25 €	60,50 €
4	Replanteo instalación.	33	423,50 €	13.975,50 €
5	Limpeza e desenvolvemento de piezómetro, desinstalación de sonda existente, medida de profundidade consonda KL010, Informe.	33	671,55 €	22.161,15 €
6	Desbroce área piezómetro (max 3m ²).	33	211,75 €	6.987,75 €
7	Execución de obra menor, acorde a replanteo, reparación para sistema antivandálico de instalación de sondas.	33	1.028,50 €	33.940,50 €
8	Subministro e instalación de sistema antivandálico e novo sistema de medida, con antena integrada.	35	961,95 €	33.668,25 €
9	Posta en marcha do sistema: - Configuración - Axuste nivel - Probas de comunicacións - Informes	33	239,58 €	7.906,14 €
10	Certificado de non causar perxuízo significativo (DNSH)	1	1.000 €	1.000 €
11	Integración software en iCousas con funcionalidades Avanzadas.	1	30.000,00 €	30.000,00 €
			Total Subministro+ Instalación	318.487,23
			Total IVE incluído	385.369,55 €

